

BASES DESFILE - CONCURSO ENTROIDO A LAMA 2019

PRIMEIRA .- O DESFILE DO CONCURSO DO ENTROIDO DA LAMA 2019 celebrarase o sábado 9 de marzo, ás 17:00h. A concentración dos participantes será a partir das 16:00h na rúa Miguel Carbajal Sobral, xunto ao pavillón municipal de deportes, onde poderán estacionar os vehículos dos participantes.

SEGUNDA.- O percorrido do desfile será o seguinte: Saída desde as inmediacións do colexio da Lama para avanzar pola rúa do Brasileiro cara estrada de Pontevedra. Na súa confluencia xirará cara ao centro da vila pasando pola Praza da Pedreira e por diante do concello ata rematar na Alameda Municipal.

TERCEIRA.- Poderán participar neste concurso tódolos aqueles que se inscriban nunha das seguintes categorías:

- a) Comparsas.-** A participación **SERÁ POR RIGOROSA INVITACIÓN feita polo Concello de A Lama.** Terán como mínimo 35 participantes e poderán ir acompañadas de carroza. Terán que ter unha unidade temática nos seus disfraces e deberán ir acompañando todo o percorrido tocando en directo con instrumentos musicais que servirán para animar o pasarrúas do entroido. Deberán manter unha mesma coreografía e posta en escea, con música interpretada en directo, con ritmo no desfile, bo humor, etc.
- b) Grupos.-** Deberán inscribirse descargando o formulario de inscrición que se atopa na páxina web municipal *concelloalama.com*, na Oficina de Información Xuvenil ou Biblioteca Municipal e deberán estar formados por un mínimo de 5 membros disfrazados que garden a mesma unidade temática. Poderán ir acompañados de carroza e de música ou non e esta non será en directo. Valorarase a súa vistosidade, disposición durante o desfile, bo humor e orixinalidade.
- c) Individual/Parellas:** Poderán participar aquelas persoas que se disfracen de xeito individual ou por parellas e valorarase a súa orixinalidade, bo humor e capacidade de sorprender ao público cos seus traxes.
- d) Agrupacións Infantís:** Poderán participar grupos de nenos ou nenas formados por un mínimo de 5 persoas que garden unha mesma unidade temática e que participen de xeito activo do desfile de entroido.

CUARTA.- As solicitudes de inscricións poderán descargarse desde a páxina web municipal *concelloalama.com*, e unha vez cumprimentadas remitiranse ao concello a través do correo electrónico (omixalama@gmail.com) adxuntando fotocopia de DNI do responsable. Tamén poderán facer a inscrición persoalmente na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) ou na Biblioteca Municipal de A Lama os mércores e venres de 8:30h a 14:30h e luns, martes e xoves de 15:30h a 20:30h. Para maior información poden chamar ao número de teléfono 986 76 82 38 (ext. 4). **O prazo para inscribirse rematará ata o vindeiro xoves 7 de marzo.**

POR MOTIVOS DE SEGURIDADE E OPERATIVIDADE no desfile establécese un máximo de 7 inscricións na CATEGORÍA DE GRUPOS VISITANTES E OUTRAS 7 NO DE GRUPOS LOCAIS,

CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

entendéndose como locais aqueles grupos domiciliados nos concellos de Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, Cerdedo-Cotobade e A Lama. Os 7 primeiros anotados nestas categorías de grupos, por rigoroso orden de inscrición, teñen garantida a súa participación. Os que se apunten con posterioridade poderán desfilar si lle autoriza a organización e dependerá do número total de persoas participantes no desfile. Os inscritos deberán acompañar fotocopia do DNI. Os que inscriban a comparsas ou grupos deberán acreditar por escrito a súa representatividade e aportar fotocopia do DNI.

QUINTA.- O xurado será independente da organización e do Concello de A Lama e estará formado por 5 persoas pertencentes ao tecido asociativo deste municipio. O fallo do xurado será inapelable e será emitido ao final do percorrido do desfile, durante a actuación da orquestra que amenizará a espera e celebración do baile de entroido.

SEXTA.- Establécense os seguintes premios para favorece-la participación de comparsas, grupos e disfraces da comarca do Verdugo-Oitavén e tamén os que veñan de fóra.

a) **Comparsas:** Establécense os seguintes premios:

1º Premio...Trofeo e diploma acreditativo como Raíña do Entroido.

2º Premio.....Trofeo e diploma acreditativo do 2º Posto.

3º Premio.....Trofeo e diploma acreditativo do 3º Posto.

b) **Grupos:** Establécense os seguintes premios:

1º Local.....200 euros. 1º Visitante.....200 euros.

2º Local.....150 euros. 2º Visitante.....150 euros.

3º Local.....100 euros. 3º Visitante.....100 euros.

c) **Individuais/Parellas**

1º Premio único.....75 euros.

2º Premio único.....50 euros.

3º Premio único.....30 euros.

d) **Agrupación Infantil**

Único premio.....50 euros.

O xurado poderá deixar deserto aqueles premios que considere oportunos por non reunir os participantes méritos suficientes para poder ser merecedores dos mesmos.

SÉTIMA.- O abono dos premios en metálico farase na semana seguinte ao evento nas oficinas

CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

municipais entre as 09:00h e as 14:00h previa acreditación, mediante DNI da identidade do premiado ou da representatividade da comparsa ou grupos agraciados.

OITAVA.- A organización terá potestade para eliminar do concurso a calquera participante que vulnere o espírito do entroido ou que atente contra calquera dos dereitos humanos universalmente recoñecidos, tamén estará prohibido desfilar con animais de todo tipo e utilizar material pirotécnico, bengalas, petardos, etc. así como todos aqueles elementos que poidan ser considerados perigosos para o desenrolo desta actividade tanto para participantes como para espectadores.

NOVENA.- A organización eximirase de calquera responsabilidade derivada do uso improcedente do material ou dos disfraces que tomen parte no desfile, da acción derivada da actividade dos vehículos participantes, así como de calquera outro elemento que aporten as comparsas, grupos ou persoas disfrazadas.

DÉCIMA.- Aquelas persoas, comparsas ou grupos que decidan tomar a saída neste desfile deberán acatar as ordes que reciban da organización e o mero feito de participar neste evento supón a aceptación das bases que rixen o desfile e o concurso do entroido da Lama 2019.

DECIMOPRIMEIRA.- Estas bases que regulan o desfile e o concurso de disfraces do entroido da Lama 2019 estarán expostas en cada unha das parroquias do municipio así como no taboleiro de anuncios do Concello da Lama e na páxina web: www.concellodalama.com e no facebook da Oficina de Información Xuvenil: [omixalama.concellodalama](https://www.facebook.com/omixalama.concellodalama).

A Lama, na data que figura na marxe.

O Alcalde
Jorge Canda Martínez

(Documento asinado electrónicamente)